



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

DILIXENCIA.- Exténdoa eu secretario-interventor acumulado, para facer constar que na acta da sesión do Pleno da Corporación do 4 de xullo de 2023, se advertiu do seguinte erro:

Onde di:

“UNIDAS-PODEMOS-IZQUIERDA UNIDAS-PODEMOS”

Debe dicir:

“UNIDAS PODEMOS”

Laxe, *documento asinado dixitalmente, na data sinalada á marxe*

O secretario-interventor acumulado, Francisco Javier Novoa Juiz



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Ponal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ACTA DA SESIÓN ORGANIZATIVA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 4 DE XULLO DE 2023

En Laxe, sendo as 20:00 horas do día 4 de xullo de 2023, reúnense, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión organizativa, o alcalde Don José Luis Pérez Añón (PP) presidindo o Pleno e os concelleiros:

Don Francisco Charlín Oróns (PP)
Dona Raquel Lema Allo (PP)
Dona Sandra Mouzo Pose (PP)
Don Daniel Mata Martínez (PP)
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)

Don Xosé Manuel Pose Lema (BNG)
Dona María Cristina Vázquez del Prisco (BNG)
Dona Isabel María Toja Toja (BNG)

Don Francisco José Vidal Castro (PSdeG PSOE)

Don Fernando del Moral Regaldíe (UNIDAS-PODEMOS-IZQUIERDA UNIDA)

Actúa como secretario-interventor acumulado deste concello, Don Francisco Javier Novoa Juiz.

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese o análise dos puntos incluídos na Orde do Día.

1.- DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS, ASÍ COMO DOS SEUS INTEGRANTES E PORTAVOCES.

Dase conta por parte do secretario, da constitución dos Grupos Municipais do BNG e PP cos seus respectivos portavoces e suplentes:

GRUPO MUNICIPAL PP:
Titular: Francisco Charlín Oróns
Suplente: Raquel Lema Allo

GRUPO MUNICIPAL BNG:
Titular: Xosé Manuel Pose Lema
Suplentes: M^a Cristina Vázquez del Prisco e Isabel M^a Toja Toja

Refírese a presentación da constitución dos Grupos de Unidas-Podemos e PsdeG-PSOE, e explica que conforme á normativa autonómica, ó non obter un mínimo dun escano de edil, pasan a formar parte do Grupo Mixto. Que non cabe interpretación alternativa e que non hai acto denegatorio, xa que se da conta, polo que a efectos de representación en órgano colexiados ós cales deberán remitir escrito comunicando titular e suplente, poderase producir un acto administrativo e impugnar se así o desexan con poucos visos de prosperar engade o secretario á vista da normativa de aplicación.

En todo caso, traslada que as intervencións plenarias quedan a dispor do prudente arbitrio do Alcalde-Presidente e se queren participar ambos na Comisión Especial de Contas, a



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

única alternativa e que algún deles abandonara o Grupo Mixto e pasase a ser membro non adscrito sen caer no reproche do transfugismo que non sería o caso.

Polo tanto, dase conta dos portavoces do Grupo Mixto:

PSdeG-PSOE:

Titular: Francisco José Vidal Castro

UNIDAS PODEMOS-IZQUIERDA UNIDA

Titular: Fernando del Moral Regaldíe

2.-DACIÓN CONTA DAS RESOLUCIÓNS ALCALDÍA DE NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE, DELEGACIÓNS DE FUNCIÓNS ASÍ COMO DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓNS NA XUNTA DE GOBERNO.

Dase conta das Resolucións da Alcaldía mencionadas:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: nomeamento de tenentes de alcalde

Expediente nº. 2023/G003/000574

En exercizo das atribucións conferidas polos artigos 21.2 e 23 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de Réximen Local, artigos 61 e 62 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, e artigo 46 do ROF, esta Alcaldía

RESOLVE:

1.- Nomear pola orde que se cita aos seguintes Tenentes de Alcalde:

1º Tenente de Alcalde: Francisco Charlín Oróns

2ª Tenente de Alcalde: Raquel Lema Allo

Correspóndelles aos Tenentes de Alcalde substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento ao Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a éste para o exercizo das súas funcións, así como desempeñar as funcións de Alcalde no suposto de vacante na Alcaldía ata a toma de posesión do novo alcalde.

2.- Notifíquese esta Resolución aos interesados e publíquese no Boletín Oficial de la Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao desta Resolución, dándose conta ao Pleno na primeira sesión que se realice.

Mándoo e asínoo en Laxe, documento asinado dixitalmente, na data sinalada á marxe O alcalde, José Luis Pérez Añón

O secretario-interventor acumulado, Francisco Javier Novoa Juiz”

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: delegación de funcións en concelleiros/as

Expediente nº. 2023/G003/000575

En exercizo das atribucións conferidas polos artigos 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de Réximen Local, artigo 61 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, e artigo 46 do ROF, esta Alcaldía, logo das correccións de erros efectuadas,

RESOLVE:

1.- Delegar no Concelleiro e 1º Tenente de Alcalde, Francisco Charlín Oróns, as funcións da área de Deporte e Pesca.

2.- Delegar na Concelleira e 2ª Tenente de Alcalde, Raquel Lema Allo, as funcións da área de Comercio, Hostelería, Turismo e Cultura.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Ponal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

3.- *Delegar na Concelleira, Sandra Mouzo Pose, as funcións da área de Servizos Sociais, Emprego e Igualdade.*

4.- *Delegar no Concelleiro, Daniel Mata Martínez, as funcións da área de Xuventude, Festas e Medio Ambiente.*

5.- *Delegar no Concelleiro, Eulogio Constantino Castiñeira, as funcións da área de Personal, Obras, Servizos e Praias.*

A presente delegación comprende as atribucións de dirección e xestión, pero non a de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

6.- *Notifíquese esta Resolución aos interesados e publíquese no Boletín Oficial de la Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao desta Resolución, dándose conta ao Pleno na primeira sesión que se realice.*

Mándoo e asínoo en Laxe, documento asinado dixitalmente, na data sinalada á marxe

O alcalde, José Luis Pérez Añón

O secretario-interventor acumulado, Francisco Javier Novoa Juiz”

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: nomeamento XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Expediente nº 2023/G003/000576

En exercicio das atribucións conferidas polos art. 23 de la Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, art. 65 de la Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, e o artículo 52 del ROF, esta Alcaldía

ACORDA:

1.-*Nomear para o suposto da súa creación polo Pleno da Corporación, aos seguintes concelleiros como membros da Xunta de Goberno Local:*

D. Francisco Charlín Oróns

Dña. Sandra Mouzo Pose

D. Daniel Mata Martínez

2.-*Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións concretas que me asigna como delegables a lexislación vixente:*

--- *As aprobacións dos instrumentos do plan de desenvolvemento do plan xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.*

--- *A celebración dos contratos privados, así como la adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1, non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere o porcentaxe nin a contía indicados.*

3.-*Notifíquese esta Resolución aos interesados e publíquese no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó desta Resolución, dándose conta ao Pleno na primeira sesión que se realice.*

Mándoo e asínoo en Laxe, documento asinado dixitalmente, na data sinalada á marxe.

O alcalde, José Luis Pérez Añón”

3.- APROBACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO.

Dase conta da seguinte proposta da Alcaldía:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Asunto: periodicidade sesións ordinarias do Pleno

Expte. núm. 2023/G006/000009

O Art. 46 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, dentro do Capítulo destinado ao Réxime de Funcionamento, e o art. 210 da Lei 5/1997, do 5 de Xullo, de Administración Local de Galicia, sinalan que os órganos colexiados das Entidades Locais funcionan en réxime de sesións ordinarias de periodicidade preestablecida, e extraordinarias.

Esta periodicidade das sesións ordinarias corresponde fixala ao Pleno da Corporación dentro dos 30 días seguintes ao da sesión constitutiva.

Por todo iso, esta Alcaldía propón a fixación das Sesións Ordinarias do Pleno os últimos xoves de cada mes impar ás 20:00 horas.

Laxe, *documento asinado dixitalmente, na data sinalada á marxe*”

O Alcalde-Presidente explica a proposta que sería o último xoves dos meses impares ás 20:00 horas.

D. Francisco José Vidal Castro pregúntase porque o xoves e non o venres que podería ir máis xente.

D. Fernando del Moral Regaldíe di que entende que debería ser mensual e o venres para facilitar a participación cidadá.

D. Xosé Manuel Pose Lema engade que o cambio ó xoves foi dende que chegou o goberno o PP e manifesta o seu acordo co plantexado polos compañeiros.

Pásase á votación da proposta, obtendo o seguinte resultado:

A FAVOR: 6 (PP).

EN CONTRA: 5 (BNG; PsdeG-PSOE; UNIDAS-PODEMOS).

Queda por tanto aprobada a proposta presentada.

4.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

Dase conta da seguinte proposta da Alcaldía:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: creación e composición comisións informativas permanentes

Expediente núm. 2023/G006/000010

O art. 20 da Lei de Bases de Réxime Local e o art. 59 da Lei de Administración Local de Galicia, sinalan que os municipios teñen a potestade de auto organización sen outro límite que o respecto ás regras de organización Municipal establecidas na lexislación básica do Estado e a da Comunidade Autónoma, que dispoñen a existencia dunha organización necesaria e unha organización complementaria.

Neste sentido, e dentro da organización complementaria municipal, poderanse crear comisións informativas, isto é, comisións de estudo, informe ou consulta cando se estimen conveniente, cuxo labor é preparar os asuntos que se deben someter despois a consideración do Pleno, e no seu caso, da Xunta de Goberno Local, aínda que se engade que estas comisións responderán, entre outros, aos principios de eficacia e economía organizativa. A creación e composición destas comisións informativas permanentes decidiranse no Pleno correspondente dentro dos 30 días seguintes ao da sesión de constitución.

Por todo iso, esta Alcaldía, dadas as características do municipio e co fin de procurar o seu



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Ponal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

mellor funcionamento, propón ao Pleno a creación dunha única Comisión Informativa permanente que é a Comisión Especial de Contas cuxo obxecto sería o exame, estudo e informe de todas as contas que deba aprobar o Pleno, e coa seguinte composición: 3 representantes do Grupo municipal do Partido Popular, 1 representante do Grupo municipal do BNG e 1 representante do grupo mixto.

Esta comisión permanente, debe entenderse sen prexuízo daquelas comisións especiais, non permanentes, que puidesen crearse cando algúns asuntos concretos así o demandasen.

*Laxe, documento asinado dixitalmente, na data sinalada á marxe
O alcalde, José Luis Pérez Añón”*

O Alcalde-Presidente explica a proposta e a proporcionalidade dos grupos municipais sen reproducir a composición plenaria.

D. Fernando del Moral Regaldíe considera que se está a coartar a participación dos grupos minoritarios.

D. Xosé Manuel Pose Lema critica que o reparto parece que é en función de números pares e que cando chegou o PP desaparece a Xunta de Portavoces e outras comisións informativas.

Pásase á votación da proposta, obtendo o seguinte resultado:

A FAVOR: 6 (PP).

EN CONTRA: 5 (BNG; PsdeG-PSOE; UNIDAS-PODEMOS).

Queda por tanto aprobada a proposta presentada.

5.- CREACIÓN XUNTA DE GOBERNO LOCAL, PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS E ATRIBUCIÓNS.

Dase conta da seguinte proposta da Alcaldía:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

asunto: creación Xunta de Goberno Local, periodicidade das sesións ordinarias e atribucións

Expediente núm. 2023/G006/000011

O artigo 20.1 da LBRL e o art. 59.2 da LALGA, establecen que a Xunta de Goberno Local, existirá nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o Regulamento Orgánico ou o acordo o Pleno da Corporación. Así mesmo sinálase que o Pleno fixará, no seu caso, a periodicidade das sesións ordinarias desta Xunta de Goberno.

Por outra banda, en canto ás súas atribucións, a esta Xunta de Goberno correspóndelle a asistencia ao Alcalde e aquelas atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal lle delegue.

En base ao anterior, esta Alcaldía co fin de xestionar mellor os asuntos do municipio, propón ao Pleno a creación da Xunta de Goberno Local, que se integraría polo propio Alcalde e tres concelleiros, e a celebración das sesións ordinarias os primeiros e terceiros luns de cada mes, ás 20:00 horas.

Así mesmo propónse que o Pleno delegue nesta Xunta de Goberno Local todas as atribucións ou competencias que sexan delegables por Lei, e sen prexuízo das atribucións



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

que a Alcaldía delegue no devandito órgano, concretamente as establecidas nos apartados j,k,m e ñ do artigo 22 da lei de Bases de réxime local.

--- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.

--- A declaración de lesividade dos actos do Concello.

--- A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do Orzamento -salvo as de tesouraría, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior- todo iso de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.

--- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

Así como o disposto no D.A. 2ª da Lei 9/2017 de contratos do sector público, cando se superen os límites establecidos para a contratación da Alcaldía, é dicir

--A adxudicación das contratacións e concesións de toda clase cando o seu valor estimado supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento e en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, ou a contía sinalada.

Así como a adquisición de bens e dereitos e alleamento do patrimonio cando se superen os límites establecidos no apartado 9 do D.A. 2ª da Lei 9/2017 de contratos do sector público,

--Celebrar contratos privados, a adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como o alleamento do patrimonio cando non estean atribuídas ao Alcalde ou ao Presidente (cando o orzamento basee de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1, non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros), e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.

*Laxe, documento asinado dixitalmente, na data sinalada á marxe
O alcalde, José Luis Pérez Añón"*

Detectase un erro no título do asunto a debatir e votar por parte do secretario da corporación, polo que, tras as preceptivas explicacións procedese a votar sobre a modificación do título que sería **Proposta de Delegación de competencias plenas na Xunta de Goberno Local.**

A FAVOR: 6 (PP).

EN CONTRA: 5 (BNG; PsdeG-PSOE; UNIDAS-PODEMOS).

D. Xosé Pose aclara que o título anterior era o punto referido á dación de contas e que hai competencias non susceptibles de delegación e parece que se delegan todas as posibles neste caso.

Pásase á votación do asunto obtendo o seguinte resultado:

A FAVOR: 6 (PP).

EN CONTRA: 5 (BNG; PsdeG-PSOE; UNIDAS-PODEMOS).

Queda por tanto aprobada a proposta presentada.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

6.- NOMEAMENTO REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

Dase conta da seguinte proposta da Alcaldía:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

asunto: designación representante corporación en órganos colexiados, representante consellos escolares

Expte. núm. 2023/G006/000012

O artigo 38 do ROF sinala que dentro dos 30 días seguintes ao da sesión constitutiva, o Pleno da Corporación deberá resolver, entre outros asuntos, sobre o nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados que sexan da competencia do Pleno. En base ao anterior, esta Alcaldía co fin de xestionar mellor os intereses do municipio, propón ao Pleno da Corporación:

Nomear ó Grupo Municipal do Partido Popular para os órganos colexiados dos consellos escolares de CPI Cabo da Area, Escola Unitaria de Torrexallóns e Escola Unitaria de Traba e tamén ante a CMAT, GALP e GDR, quen deberá comunicar nun prazo de 5 días, os nomeamentos das persoas titular e suplente que designe en cada caso; do que se dará conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se realice.

Laxe, documento asinado dixitalmente, na data sinalada á marxe

O alcalde, José Luis Pérez Añón”

O Alcalde-Presidente lee a proposta a favor do PP.

Dna. María Cristina crítica a designación xa que ó seu entender non se cumpriron coas obrigas legais de mantemento das escolas e se fixeron políticas en contra do desenvolvemento económico e turismo, polo que non considera idónea a persoa que se nomeará.

D. Francisco Charlín replica que se fixeron todos os arranxos no CPI e nos colexios, e que non está dacordo coa afirmación da concelleira.

Dna. María Cristina Vázquez del Prisco di que en Traba, solicitaron pintar, mellorar a cociña e axudas e colaboracións coas actividades extraescolares.

D. Francisco Charlín Oróns contesta que as actividades extraescolares as fai o concello e esas actuacións tamén, que non se pode chegar a todo pero se traballa a reo e non está dacordo.

O Alcalde-Presidente traslada que se remitiu correo para reunión co concelleiro da materia para consensuar actuacións concretas.

Pásase á votación do asunto obtendo o seguinte resultado:

A FAVOR: 6 (PP).

EN CONTRA: 5 (BNG; PsdeG-PSOE; UNIDAS-PODEMOS).

Queda por tanto aprobada a proposta presentada.

7.- APROBACIÓN SI PROCEDE, DAS INDEMNIZACIÓNS E ASISTENCIAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Dase conta da seguinte proposta da Alcaldía, por parte do Alcalde-Presidente que a lee e que é igual que fai 4 anos.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

asunto: indemnizacións e asistencia membros da Corporación



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Ponal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Expte. núm. 2023/G006/000013

O art. 75 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local (Lei 7/1985, de 2 de abril), dentro do capítulo V dedicado ao Estatuto dos membros das Corporacións Locais, establece o réxime legal nesta materia de retribucións, indemnizacións e asistencias dos membros da Corporación.

1. Os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, nese caso serán dados de alta no Réxime xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo anterior.

No suposto de tales retribucións, a súa percepción será incompatible coa doutras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos de a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

2. Os membros das Corporacións locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas, nese caso serán igualmente dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social en tal concepto, asumindo as Corporacións as cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo anterior. Ditas retribucións non poderán superar en ningún caso os límites que se fixen, no seu caso, nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado. Nos acordos plenarios de determinación dos cargos que leven aparellada esta dedicación parcial e das retribucións dos mesmos, deberase conter o réxime da dedicación mínima necesaria para a percepción das devanditas retribucións.

Os membros das Corporacións locais que sexan persoal das Administracións públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes soamente poderán percibir retribucións pola súa dedicación parcial ás súas funcións fóra da súa xornada nos seus respectivos centros de traballo, nos termos sinalados no artigo 5 de a Lei 53/1984, de 26 de decembro, sen prexuízo do disposto no apartado sexto do presente artigo.

3. Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo pleno da mesma.

4. Os membros das Corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas e as que en desenvolvemento das mesmas aprobe o pleno corporativo.

5. As Corporacións locais consignarán nos seus orzamentos as retribucións, indemnizacións e asistencias a que se fai referencia no catro números anteriores, dentro dos límites que con carácter xeral establézanse, no seu caso. Deberán publicarse integramente no "Boletín Oficial" da Provincia e fixarse no taboleiro de anuncios da Corporación os acordos plenarios referentes a retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial e réxime de dedicación destes últimos, indemnizacións e asistencias, así como os acordos do Presidente da Corporación determinando os membros da mesma que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

Á vista do mesmo, e en aras de garantir o bo funcionamento desta Corporación e a necesaria dedicación no exercicio dos cargos públicos, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte réxime de indemnizacións e asistencias.

1.- INDEMNIZACIÓNS: Polos gastos efectivamente ocasionados no exercicio do cargo, as contías de:

Dietas de quilometraxe: 0,19 €/km. no suposto de uso do vehículo particular.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Ponal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Para a determinación da contía das dietas por manutención e aloxamento estarase ao disposto no grupo 1 do Anexo I do Real Decreto 462/2002 de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

II.- ASISTENCIAS: Pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da corporación de que forman parte, os membros que non teñan dedicación exclusiva ou parcial, percibirán unha asistencia na contía de 50,00 € sesión do Pleno, 100,00 € sesión de Xunta de Goberno e 50,00 € Comisións Informativas.

Laxe, documento asinado dixitalmente, na data sinalada á marxe”

Pásase á votación do asunto obtendo o seguinte resultado:

A FAVOR: 6 (PP).

ABSTENCIÓNS: 5 (BNG; PsdeG-PSOE; UNIDAS-PODEMOS).

Queda por tanto aprobada a proposta presentada.

8.- APROBACIÓN SI PROCEDE, DA DEDICACIÓN PARCIAL DA CONCELEIRA DELEGADA DE COMERCIO, HOSTELERÍA, TURISMO E CULTURA.

Dase conta da seguinte proposta da Alcaldía:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

asunto: dedicación parcial concelleira delegada de Comercio, Hostelería, Turismo e Cultura

Expte. núm. 2023/G006/000014

O art. 75 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local (Lei 7/1985, de 2 de abril), dentro do capítulo V dedicado ao Estatuto dos membros das Corporacións Locais, establece o réxime legal nesta materia de retribucións, indemnizacións e asistencias dos membros da Corporación.

1. Os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, nese caso serán dados de alta no Réxime xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo anterior.

No suposto de tales retribucións, a súa percepción será incompatible coa doutras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos de a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

2. Os membros das Corporacións locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas, nese caso serán igualmente dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social en tal concepto, asumindo as Corporacións as cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo anterior. Ditas retribucións non poderán superar en ningún caso os límites que se fixen, no seu caso, nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado. Nos acordos plenarios de determinación dos cargos que leven aparelada esta dedicación parcial e das retribucións dos mesmos, deberase conter o réxime da dedicación mínima necesaria para a percepción das devanditas retribucións.

Os membros das Corporacións locais que sexan persoal das Administracións públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes soamente poderán percibir retribucións pola súa dedicación parcial ás súas funcións fóra da súa xornada nos seus respectivos centros de traballo, nos termos sinalados no artigo 5 da Lei 53/1984, de 26 de decembro,



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

sen prexuízo do disposto no apartado sexto do presente artigo.

3. Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo pleno da mesma.

4. Os membros das Corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas e as que en desenvolvemento das mesmas aprobe o pleno corporativo.

5. As Corporacións locais consignarán nos seus orzamentos as retribucións, indemnizacións e asistencias a que se fai referencia no catro números anteriores, dentro dos límites que con carácter xeral establézanse, no seu caso. Deberán publicarse integramente no "Boletín Oficial" da Provincia e fixarse no taboleiro de anuncios da Corporación os acordos plenarios referentes a retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial e réxime de dedicación destes últimos, indemnizacións e asistencias, así como os acordos do Presidente da Corporación determinando os membros da mesma que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

Á vista do mesmo, e en aras de garantir o bo funcionamento desta Corporación e a necesaria dedicación no exercicio dos cargos públicos, esta Alcaldía propón ao Pleno o seguinte réxime de dedicación parcial a favor da concelleira delegada de Comercio Hostalaría, Turismo e Cultura:

Dedicación parcial a favor da concelleira delegada de Comercio, Hostalaría, Turismo e Cultura, polo importe de 16.000,04 € brutos anuais: 1.142,86 € brutos mensuais, 14 pagas actualizables anualmente en función do disposto na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o persoal funcionario. O réxime de presenza efectiva nas oficinas municipais será de 25 horas semanais.

O presente acordo terá efectos retroactivos ó momento de toma de posesión.

Laxe, documento asinado dixitalmente, na data sinalada á marxe"

O Alcalde-Presidente explica a proposta xa que se botan moitas horas na concellalía citada.

D. Francisco José Vidal Castro critica que non se ve reflexado na productividade e que é indecente a contía tendo en conta que a pensión media en Laxe é de 800 euros brutos, que non é un tema peronal pero non se xustifica polo traballo realizado.

D. Fernando del Moral Regaldíe pensa absterse mentres non se concrete o horario diario de traballo.

Dña. María Cristina Vázquez del Prisco non entende porque se aumenta a contía se hai técnicos dabondo na área municipal correspondente.

O Alcalde-Presidente considera que é eficiente e por eso repite.

Pásase á votación do asunto obtendo o seguinte resultado:

A FAVOR: 6 (PP).

EN CONTRA: 4 (BNG; PsdeG-PSOE).

ABSTENCIÓNS: 1 (UNIDAS-PODEMOS).

Queda por tanto aprobada a proposta presentada.

9.- APROBACIÓN SI PROCEDE, DA DEDICACIÓN EXCLUSIVA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE PERSOAL, OBRAS, SERVIZOS E PRAIAS.

Dase conta da seguinte proposta da Alcaldía:



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

asunto: dedicación exclusiva a favor do concelleiro delegado de Persoal, Obras, Servizos e Praias

Expte. núm. 2023/G006/000015

O art. 75 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local (Lei 7/1985, de 2 de abril), dentro do capítulo V dedicado ao Estatuto dos membros das Corporacións Locais, establece o réxime legal nesta materia de retribucións, indemnizacións e asistencias dos membros da Corporación.

1. Os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, nese caso serán dados de alta no Réxime xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo anterior.

No suposto de tales retribucións, a súa percepción será incompatible coa doutras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos de a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

2. Os membros das Corporacións locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas, nese caso serán igualmente dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social en tal concepto, asumindo as Corporacións as cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo anterior. Ditas retribucións non poderán superar en ningún caso os límites que se fixen, no seu caso, nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado. Nos acordos plenarios de determinación dos cargos que leven aparellada esta dedicación parcial e das retribucións dos mesmos, deberase conter o réxime da dedicación mínima necesaria para a percepción das devanditas retribucións.

Os membros das Corporacións locais que sexan persoal das Administracións públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes soamente poderán percibir retribucións pola súa dedicación parcial ás súas funcións fóra da súa xornada nos seus respectivos centros de traballo, nos termos sinalados no artigo 5 de a Lei 53/1984, de 26 de decembro, sen prexuízo do disposto no apartado sexto do presente artigo.

3. Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo pleno da mesma.

4. Os membros das Corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas e as que en desenvolvemento das mesmas aprobe o pleno corporativo.

5. As Corporacións locais consignarán nos seus orzamentos as retribucións, indemnizacións e asistencias a que se fai referencia no catro números anteriores, dentro dos límites que con carácter xeral establézanse, no seu caso. Deberán publicarse integramente no "Boletín Oficial" da Provincia e fixarse no taboleiro de anuncios da Corporación os acordos plenarios referentes a retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial e réxime de dedicación destes últimos, indemnizacións e asistencias, así como os acordos do Presidente da Corporación determinando os membros da mesma que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

Á vista do mesmo, e en aras de garantir o bo funcionamento desta Corporación e a necesaria dedicación no exercicio dos cargos públicos, esta Alcaldía propón ao Pleno o



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Ponal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

seguinte réxime de dedicación a favor do concelleiro delegado de persoal, obras, servizos e praias:

Dedicación exclusiva a favor do concelleiro delegado de persoal, obras, servizos e praias polo importe de 32.000,08 € brutos anuais: 2.285,72 € brutos mensuais, 14 pagas actualizables anualmente en función do disposto na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o persoal funcionario.

O presente acordo terá efectos retroactivos ó momento de toma de posesión.

Laxe, documento asinado dixitalmente, na data sinalada á marxe

O alcalde, José Luis Pérez Añón “

O Alcalde-Presidente explica a proposta dada a carga de traballo e dedicación do concelleiro en cuestión.

D. Xosé Pose aclara que non é persoal pero non entende o incremento xa que o pobo está abandonado, as obras son malas e o servizo técnico e deficiente e non competente para certificar.

O Alcalde-Presidente contesta que o concelleiro é o primeiro ó que se chama cando hai problemas e está 24 horas pendente e traballando.

Pásase á votación do asunto obtendo o seguinte resultado:

A FAVOR: 6 (PP).

EN CONTRA: 5 (BNG; PsdeG-PSOE; UNIDAS-PODEMOS).

Queda por tanto aprobada a proposta presentada.

Rematado o obxecto da presente sesión, o alcalde da por finalizada, sendo ás 20:34 horas do día da data e no lugar ao principio indicados, estendéndose por min secretario acumulado a presente acta que asina o sr. Alcalde, para que, unha vez aprobada a Acta polo Pleno do Concello de Laxe, se proceda a súa transcripción ao libro correspondente.